



De seguido infórmolle dos acordos, da sesión ordinaria do Consello de Goberno que tivo lugar, o luns, día 13 de decembro de 2004, na Sala de Xuntas da ETS de Enxeñeiros de Telecomunicación que poden ser do seu interese.

- * Aprobación do proxecto de orzamento do ano 2005.
- * Aprobación de transferencias de crédito.
- * Aprobación da incorporación de remanentes de libre disposición.
- * Aprobación do curso: Máster/Especialista en Contabilidade e Tributación Comunitaria: España e Portugal.
- * Asuntos de profesorado:
 - Concesión da comisión de servizos para o segundo cuadrimestre do curso 2004-05 a D. Javier de Agustín Guijarro na Universidade Rey Juan Carlos.
 - Aprobación da saída para habilitación nacional de dúas prazas de TIT-UN na área 140 (Departamento X13).
- * Aprobación do cambio de nome do Servizo de información, orientación e promoción do estudante polo de Servizo de extensión universitaria.
- * Aprobación do plan de política lingüística e da creación da dirección do centro de linguas.
- * Aprobación dos Regulamentos de réxime interno da E.S. de Enxeñería Informática, da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación e da Facultade de Química.
- * Nomeamento de D. Enrique Mandado Pérez como director en funcións do Instituto de Electrónica Aplicada, co encargo de convocar eleccións no primeiro trimestre do ano 2005.
- * Apoio da Universidade de Vigo á candidatura a Patrimonio inmaterial da UNESCO da Tradición oral Galaico-Portuguesa.
- * Desestimación do recurso presentado por membros das comisións específicas de área xulgadoras das prazas 41-H12-814-A4-01 e 41-H12-814-A4-02 correspondentes ao primeiro concurso de profesorado para o curso 2004/2005.
- * Aprobación do cargo de vicexerente.
- * Aprobación dos seguintes convenios: Convenio de colaboración da Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo co Consello Galego de Enxeñeiros Técnicos Industriais, Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos para a realización do posgrao Dirección Integrada de Proxectos – Convenio marco de colaboración coa Universidade Nacional da Patagonia Austral – Convenio marco de colaboración coa Facultade Rexional de Córdoba da Universidade Tecnolóxica Nacional – Convenio marco de colaboración coa Facultade Rexional de Mendoza da Universidade Tecnolóxica Nacional.- Convenios marco e específico de colaboración coa Universidade EAFIT – Convenio marco de colaboración coa Universidade del Cauca.
- * Cóbrense as seguintes vacantes nas comisións delegadas do Consello de Goberno:
 - Comisión de investigación:
Sector PDI: Dona Dolores Troncoso Durán.
 - Comisión de organización académica e profesorado:
Sector estudantes: D. Javier Varasa Paredes.
 - Comisión de extensión universitaria e estudantes:
Sector estudantes: D. Xan Lago Teijeiro e D. Javier Varasa Paredes.

Vigo, 14 de decembro de 2004
A Secretaria Xeral

M^a Teresa Iglesias Randulfe